



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia con número de rexistro **50541 (11/PNC-004317)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego, durante o ano 2023, para elaborar o proxecto de construción dun conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela, que figura na orde do día da Comisión 4ª convocada para o vindeiro 24 de marzo de 2023.

Emenda de substitución

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta a comprometerse co proxecto de construción do Conservatorio Profesional de Danza en Compostela, marcando neste ano 2023 os prazos e o compromiso orzamentario para comezar a desenvolver o proxecto en 2024 e establecendo, de maneira inmediata, un marco de colaboración co Concello de Santiago de Compostela para valorar as posibilidades de localización.”

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/03/2023 17:39:00

Ana Pontón Mondelo na data 23/03/2023 17:39:16





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Teresa Egerique Mosquera** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **50541 (11/PNC-004317)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego, durante o ano 2023, para elaborar o proxecto de construción dun conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela.

Emenda de Substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á xunta de Galicia a realizar unha análise da posible demanda para cursar ensinanzas profesionais de danza en Galicia para, a partir dos resultados obtidos, valorar a necesidade de apertura dun novo conservatorio profesional de danza e a súa localización máis axeitada, atendendo a criterios técnicos e de eficiencia para o alumnado da comunidade autónoma”.

Santiago de Compostela, 23 de Marzo de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 23/03/2023 18:11:13

Pedro Puy Fraga na data 23/03/2023 18:11:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

